

Exercicio 7.

Análise comparativa e comentario de texto.

Estes exercicios, de carácter **voluntario**, teranse en conta para a nota da terceira avaliación. A data de entrega será o **luns 5 de maio**, na hora de clase.

Exercicio 1. Análise comparativa.

Tras unha interesante (coma sempre) clase de Historia de España vai á cafetería do IES Mendiño coa intención de falar dos seus plan para a fin de semana, pero a paixón polo pasado recente e a política léavo a ter un acalorado debate acerca da Segunda República e o Franquismo con outros compañeiros de clase, cunhas posicións políticas radicalmente diferentes. Como o tempo do recreo non é suficiente para chegar a certos acordos, vostede decide redactar unha análise comparativa entre ambos períodos históricos coa maior das obxectividades que lle é posible, para ver se é posible alcanzar certo consenso sen esquecer a realidade histórica.

RESPONDA ESTA PREGUNTA:

Compare as principais características dos réximes políticos da Segunda República e a ditadura de Francisco Franco.

Exercicio 2. Comentario de texto

Atendendo aos seguintes criterios:

- Identificación do tema.
- Contextualización do documento.
- Comentario do proceso histórico/tema que se reflicte no documento.

RESPONDA ESTA PREGUNTA:

Doc.1. Proclama da asemblea obreira de Tarrasa, da 21 de xullo de 1909.

“Considerando que a guerra é unha consecuencia fatal do réxime de produción capitalista; considerando, ademais, que, dado o sistema español de recrutamento do exército, só os obreiros fan a guerra que declaran os burgueses. A Asemblea protesta enérxicamente:

- 1. Contra a acción do Goberno español en Marrocos.*
- 2. Contra os procedementos de certas damas da aristocracia, que insultaron a dor dos reservistas, das súas mulleres e dos seus fillos, dándolles medallas e escapularios en vez de proporcionarlles os medios de subsistencia que lles arrincan coa marcha do xefe de familia.*
- 3. Contra o envío á guerra de cidadáns útiles á produción e, en xeral, indiferentes ao triunfo da cruz sobre a media lúa, cando se poderían formar rexementos de cegos e frades que, ademais de estaren interesados no éxito da relixión católica, non teñen familia, nin fogar, nin son de utilidade ningunha para o país [...].*
- 4. Contra a actitude dos deputados republicanos que, ostentando un mandato do pobo, non aproveitaron a súa inmunidade parlamentaria para poñerse á fronte das masas na súa protesta contra a guerra.*

E [a Asemblea] compromete a clase obreira a concentrar todas as súas forzas, por se fose necesario declarar a folga xeral para obrigar ao Goberno a respectar o dereito que teñen os marroquís a conservar intacta a independencia da súa patria”.